

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E
PERSOAL DIRECTIVO, E DOCENTE PARA O PROGRAMA DE
EMPREGO, PARA PERSOAS MOZAS INCLUIDAS NO FICHEIRO
DO SNGX, “APPVENTURERS”, DO CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

O Programa de Emprego "APPVENTURERS" é un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas participantes, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo, e esta promovido polo **Concello de Santiago de Compostela**.

Este programa é un programa de emprego e formación para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, que se enmarca dentro da iniciativa de emprego xuvenil e o Programa Operativo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027, Obxectivo político 4, Prioridade 5, Obxectivo específico ESO4.1, Medida 5.a.03, cofinanciado nunha porcentaxe do 60% e promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210), e Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos (IMSV0209), 16 alumnos/as

As actuacións a realizar son as seguintes:

1.-Desenvolvemento de aplicacións móbiles de realidade aumentada:

- Museo do Pobo Galego
- Mercado de Abastos, e
- Senda Río Sar.

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 11 a 15 da Orde do 12 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

xuvenil, e nas Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación que a desenvolven, o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección do alumnado-traballador participante e do equipo directivo e docente do programa de emprego "APPVENTURERS", .

O programa de emprego terá unha duración de 12 meses e formará a 16 alumnos/as traballadores/as. As persoas traballadoras serán contratadas, baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia e percibirán as retribucións que lles correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

A DURACIÓN do proxecto será de 12 meses

A DATA PREVISTA DE INICIO do proxecto será o 02/10/2023

Segunda.- PRAZAS CONVOCADAS DE PERSOAL DIRECTIVO E DOCENTE, E FUNCIÓNS A DESENVOLVER.

AS PRAZAS que se convocan son tres (3):

DIRECCIÓN	Xornada completa
EXPERTO/A DOCENTE en DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB <u>Que inclúe:</u> <i>O certificado de profesionalidade (CP) do mesmo nome: IFCD0210</i>	Xornada completa
EXPERTO/A DOCENTE en Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos <u>Que inclúe:</u> <i>O certificado de profesionalidade (CP) do mesmo nome: IMSV0209</i>	Xornada completa

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

- Xestión económica, formativa e de obra/servizo do proxecto segundo a normativa vixente.
- Coordinación do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo.
- Planificación e seguimento xeral do proxecto.



CONCELLO DE
SANTIAGO

- e) Realizar e supervisar en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións
- f) Coordinar e supervisar a acción educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- g) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- h) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- i) Promover, en coordinación co persoal docente, a inserción laboral dos beneficiarios/as do proxecto.
- j) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do proxecto e o cumprimento das súas obrigas.
- k) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTOS/AS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe do alumnado-traballador
- d) Manter a disciplina do alumnado da súa especialidade, dando conta das incidencias que se produzan á titoría e dirección do proxecto.
- e) Responsabilizáranse do bo uso, mantemento e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Planificar, dirixir e facer seguimento, en colaboración ca dirección e titoría, do desenvolvemento da/s obra/s ou servizo/s a realizar no proxecto.
- g) Colaborar coa dirección no cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo.
- h) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais e laborais no grupo de alumnos/as.
- i) Colaborar ca titoría na información e orientación para a acción profesionalizadora das persoas participantes.

Terceira.- CONTRATACIÓN.

O Concello de Santiago de Compostela formalizará, por escrito no modelo oficial correspondente, os contratos do persoal do proxecto que fose seleccionado e figure como tal nas actas da Comisión de Selección.

- A modalidade contractual será CONTRATO DE TRABAJO TEMPORAL coas cláusulas específicas de Contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego (código 405); a xornada completa (40 horas semanais); e cunha duración de 12 meses (o tempo de desenvolvemento do proxecto).
- Retribucións brutas mensuais incluída prorrata de pagas extras: Dirección (2.473,15 €); Experto/a Docente xornada completa (2.427,72 €).

Cuarta.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) REQUISITOS XERAIS.

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
2. Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.
3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.
5. Coñecemento da normativa que regula o programa de emprego para mozos incluídos no ficheiro do SNGX.
6. Coñecemento dos certificados de profesionalidades e/ou unidades de competencia a impartir.

b) REQUISITOS MÍNIMOS. Os requisitos mínimos de acceso non serán obxecto de valoración posterior. Son os que relacionan :

DIRECCIÓN	
TITULACIÓN	Titulación universitaria
EXPERIENCIA	Experiencia profesional relacionada co posto de 24 meses nos últimos 10 anos, segundo baremo, en dirección de programas mixtos de emprego-formación, en tarefas de dirección, relacionadas cas funcións a desenvolver, en entidade pública ou privada e/ou técnico de emprego e desenvolvemento local (agás funcións de orientación e docencia)
2.- Especialidade de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD0210), Regulación requisitos docentes: Os establecidos no Real Decreto 628/2013, de 2 de agosto, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional Informática e comunicacións e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1531/2011, de 31 de outubro e como anexos I, II, III, IV, V e VI do Real Decreto 686/2011, de 13 de maio, que regula o certificado de profesionalidade desta especialidade.	
TITULACIÓN	Estudios universitarios relacionados coas especialidades: <ul style="list-style-type: none">• Licenciado, Ingeniero, Arquitecto o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes.• Diplomado, Ingeniero Técnico, Arquitecto Técnico o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes.
EXPERIENCIA Profesional	EXPERIENCIA PROFESIONAL ESIXIDA NOS CERTIF. DE PROF. ACREDITADA EN HORAS EFECTIVAS TRABALLADAS. Experiencia mínima de 12 meses na ocupación.
COMPETENCIA DOCENTE	Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego-RD34/2018. Estarán exentos dos certificado de profesionalidade: <ul style="list-style-type: none">• Licenciados ou graos en pedagogía, psicopedagogía e mestre, en todas as súas especialidades• Título en especialización didáctica, expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia, ou equivalente• Experiencia docente contrastada de, polo menos, 600 horas, nos últimos 7 anos, en formación profesional para o emprego, ou do sistema educativo.

3.- Especialidade de Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos (IMSV0209),

Regulación requisitos docentes: Os establecidos no RD 725/2011, do 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade desta especialidade.

TITULACIÓN	Licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. Diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. Técnico Superior da familia profesional de Imaxe e son. Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Produción audiovisual da familia profesional de Imaxe e son.
EXPERIENCIA Profesional	Experiencia profesional acreditada no ámbito das unidades de competencia ás que fai referencia o/s certificado/s de profesionalidade • 2 ano de experiencia profesional con titulación requirida. • 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida.
COMPETENCIA DOCENTE	Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego-RD34/2018. Estarán exentos dos certificado de profesionalidade: • Licenciados ou graos en pedagogía, psicopedagogía e mestre, en todas as súas especialidades • Título en especialización didáctica, expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia, ou equivalente • Experiencia docente contrastada de, polo menos, 600 horas, nos últimos 7 anos, en formación profesional para o emprego, ou do sistema educativo.

A posesión destes requisitos condicionarán a admisión de candidatos/as ao proceso selectivo, pasando á fase de Entrevista persoal e á de Valoración de méritos unicamente os/as aspirantes que reúnan os requisitos mínimos para cada posto.

En todo caso, os aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA NA OFICINA DE EMPREGO CON DIFUSIÓN PÚBLICA NO PORTAL DE EMPREGO DE GALICIA.

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na oficina de emprego Santiago Centro con difusión pública no Portal de Emprego de Galicia polo prazo de 2 días naturais, dado o axustado dos prazos do proceso.

2. Dita oferta tramitarase ao día seguinte da aprobación destas Bases.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

- Ámbito xeográfico: Concello de Santiago de Compostela. De non atoparse candidatos, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata á contorna próxima.

b) Número de candidatos a remitir: **QUINCE** por posto, que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditados. Debendo considerar un mínimo de tres candidatos por posto.

4. Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil se atopen en situación de desemprego (Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 14/06/2023, punto 8)

5. Realizada a preselección de candidaturas, pola oficina de emprego, o Concello de Santiago comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo ou certificados de empresa, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar.
 - ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación.

As persoas que non se presenten ás distintas fases do proceso e á entrevista serán excluídas do proceso selectivo.

Sexta.- PUBLICIDADE DAS BASES DE SELECCIÓN.

As bases reguladoras do proceso de selección publicaranse, nos taboleiros de anuncios da Oficina de Emprego de Santiago-centro e no da Axencia Local de Colocación do Concello de Santiago, e na páxina web . Igualmente publicárase no B.O.P. anuncio da aprobación por Resolución das Bases de selección.

Sétima.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección constará dunha primeira (1ª) fase de entrevista persoal, cos candidatos que cumpren cos requisitos mínimos establecidos nas bases de selección e unha (2ª) fase de valoración de méritos.

A puntuación máxima do proceso selectivo será de 20 puntos, tendo en conta o establecido no punto 11 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 14/06/2023, do seguinte xeito:

- * Valoración da entrevista persoal: 35% da puntuación total
- * Valoración de méritos: 65% da puntuación total.

Oitava.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas candidatas a participar no proceso selectivo para as prazas de persoal do proxecto, deberán presentar a súa solicitude seguindo o modelo que acompaña a estas bases (Solicitude), xunto coa documentación que probe os méritos alegados, debidamente acreditada.

A presentación realizarase nas dependencias do Departamento de Emprego do Concello de Santiago, sitas na R/ Alcalde Raimundo López Pol, s/n.

1.-Acreditación de requisitos e méritos:

- a)-A EXPERIENCIA PROFESIONAL acreditarase:
- Traballo por conta allea: acreditada a través de Informe oficial de vida laboral actualizada ou copia de contratos; ou nómina onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.
 - Traballadores autónomos: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas en que conste os servizos prestados. No caso no que non se poida deducir a duración do servizo coa documentación achegada, deberá xuntar informe no que se especifique, en número de días, o tempo empregado no desenvolvemento de dita actividade .
 - Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Informe oficial de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo á duración do contrato, é dicir, valoraranse os períodos de meses completos de traballo.

- b)-A FORMACIÓN acreditarase:

Mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade. Non serán valorados aqueles curso que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

Novena.- FASE DE ENTREVISTA PERSOAL.

1. A entrevista persoal terá por finalidade avaliar as súas aptitudes e capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo obxecto da convocatoria.

A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto.

2. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase do seguinte xeito: corresponderalle unha puntuación equivalente ao 35% da puntuación final do proceso selectivo, e valorase de 0 ata 7 puntos.

3. Terá lugar nas dependencias do Departamento de Emprego do Concello de Santiago, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

Décima.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1. Finalizada a fase de entrevista persoal, a Comisión de selección valorará, en base aos baremos que se xuntan como anexo ás presentes base, os méritos alegados coa solicitude das persoas candidatas presentadas a entrevista e que permanezan no proceso de selección.

A puntuación máxima desta fase será de 13 puntos, supoñendo un 65% da puntuación final.

Décimo primeira.- PUNTUACIÓN FINAL. CONTRATACIÓN.

1. Finalizada a última fase de selección, procederase a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no proceso.

As puntuacións finais viran dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para súa posterior contratación.

Os posibles empates nas puntuación dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base décimo segunda.

2. Verificación de requisitos pola xefatura territorial (Punto 16 Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 14/06/2023). A proposta de persoal docente a contratar para o proxecto será remitida, previamente a súa publicación e procedemento de contratación, a xefatura territorial da consellería en A Coruña que deberá verificar que cumpren todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal

docente proposto non cumprira os ditos requisitos a xefatura territorial comunicarllo ao concello para que poda substituílo/a pola seguinte persoa candidata da listaxe do proceso de selección. O proxecto non poderá dar comezo sen esta verificación.

3. Realizada a verificación, recollida no punto anterior, a Comisión de selección estenderá a correspondente acta na que figuren as puntuacións finais e os nomes da persoas candidatas propostas para seren contratadas e os das integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base decimo cuarta, e publicárase nos taboleiros de anuncios do concello de Santiago e da oficina de emprego.

4. Aceptación ou renuncia á praza. Unha vez publicadas as puntuacións do proceso de selección, as persoas candidatas con maior puntuación en cada praza deberán, nun prazo máximo de 2 días, contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo, comunicar por escrito ao Concello de Santiago a súa aceptación ou renuncia á praza. Se transcorrido devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adjudicarse ao seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

Décimo segunda.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

O criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas o máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

1. Maior tempo acreditado como desempleado.
2. Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou Obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
3. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
4. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
5. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
6. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
7. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
8. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
9. O de maior idade.

Segundo o establecido nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 14/06/2023, punto 15.

Décimo terceira.- LISTAXE DE RESERVA.

A listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

Décimo cuarta.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 15 da Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (DOG 24/04/23), non será de aplicable a este proceso selectivo “a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público”.

2. A Comisión de Selección, do Concello de Santiago, resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo quinta.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección estará formado por 5 persoas, empregadas públicas do Concello de Santiago e nomeadas pola Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude.

A Comisión de selección considerárase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes. Se se deran circunstancias que impidiran a participación dos membros da Comisión de Selección, poderán ser asignadas outras persoas da entidade.

As decisións da Comisión de Selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

O presente proxecto terá como data prevista para o seu inicio o 02/10/2023, segundo se establece nas Resolucións de concesión da subvención ao Concello de Santiago.

Décimo sexta.- PROCEDEMENTO SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A

As persoas participantes no proceso selectivo, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, en situación laboral non ocupadas e estean disponibles para o emprego
2. Figurar como beneficiario/as no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección e manter os requisitos exixidos na Lei 18/2014 modificado polo Real decreto lei 6/2016, con carácter previo a participar nos programas de emprego.

3. Ter 18 ou máis anos e que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
4. Os/as candidatos han de cumprir asimesmo os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao programa de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 da Orde do 12 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
5. Como a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 3, os/as candidatos/as han de cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
6. Serán excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que participasen con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro anterior con resultado de apto ou non.
7. A Comisión de Selección poderá excluír as persoas candidatas do proceso selectivo que tiveran participado anteriormente nalgún outro obradoiro de emprego ou programa de emprego para persoas mozas subvencionados.

O procedemento de selección consistirá na tramitación previa dunha oferta de emprego á oficina de emprego Santiago-Centro e a aplicación dun baremo de selección que se incorpora como anexo destas bases.

Unha vez constituída a Comisión de Selección, e aprobados os criterios de selección do alumnado/traballador que van a participar no programa de emprego, tramitarase unha oferta tipo T (Taller de Emprego), establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- a) Ámbito territorial: Ámbito do Concello de Santiago de Compostela . No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de similares características..
- b) Códigos: 16 prazas **Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210), e Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos (IMSV0209).**
- c) Idade: de 18 a 29 anos
- d) Nº de candidatos/as a remitir: na medida do posible, mínimo 3 candidatos/as por posto e) Requisitos de formación: Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a formación en alternancia en durante toda a duración do proxecto e cumprir cos requisitos de acceso a un nivel 3 de certificados de profesionalidade.
- e) Situación Laboral: Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia que será o encargado de realizar a sondaxe tendo en conta ás persoas inscritas en algún dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas
330:Casa de Oficio



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

340:Taller de emprego

370:Outros programas de emprego formación dual

As ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”.

Decimo septima.- ENTREVISTA PERSOAL E CRITERIOS PREFERENTES DE SELECCIÓN: BAREMO.

Nos criterios de selección do alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van a seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

A Comisión de Selección levará a cabo a selección dos 16 alumnos/as en primeiro lugar, a través dunha entrevista persoal, na data que fixe a Comisión de Selección, na que as persoas candidatas manifestarán o seu interese en participar no proxecto, ás súas aptitudes e capacidades tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. Rematada esta fase, publicaránse as puntuacións obtidas no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web da axencial local de colocación do Concello de Santiago. En segundo lugar, a Comisión de Selección baremará os/as candidatos/as aplicando criterios obxectivos que figuran no artigo 12 da Orde do 12 de abril de 2023, (DOG nº 78 do 24 de abril de 2023) e segundo baremo que se xunta (Anexo II), avaliando as circunstancias persoais dos/as candidatos/as remitidas pola oficina de emprego.

A Comisión de Selección, efectuará a selección definitiva, redactará as correspondentes actas e as remitirá á oficina de emprego Santiago-Centro que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se alguna persoa proposta non cumprira os ditos requisitos, a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda sustituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á xefatura territorial a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como beneficiarias participantes nos modelos que se establecen como Anexo I-A das Instrucións da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

En todo caso, será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto. A Comisión de Selección, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnado-traballador, elaborará unha listaxe de reserva que estará integrada polos/as candidatos/as que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.

En santiago de Compostela a 8 de setembro de 2023



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO I

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIONES:

Encargarase da coordinación do programa de emprego “APPVENTURERS”, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

REQUISITOS MÍNIMOS:

A sondaxe realizarase pola ocupación de “Director técnico de centro educativo” con nivel académico: licenciatura ou grao.

Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
- Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Pos grado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente de, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente de, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraránse unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se tera en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.**



BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

- Será contratado 1 mestre de Desenvolvemento de Aplicacións con Tecnoloxías Web (IFCD0210), a xornada completa.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no Real Decreto 628/2013, de 2 de agosto, polo que se establecen catro certificados de profesionalidade da familia profesional Informática e comunicacións e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1531/2011, de 31 de outubro e como anexos I, II, III, IV, V e VI do Real Decreto 686/2011, de 13 de maio, que regula o certificado de profesionalidade desta especialidade.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

Considerarase ésta como requisito mínimo de acceso se non se posúe o correspondente certificado de profesionalidade ou o resto de requisitos necesarios para impartir a docencia segundo a normativa, valorándose a maiores só o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
 - Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Pos grado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
 - Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

- Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraránse unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.



CONCELLO DE
SANTIAGO

- Será contratado 1 mestre de **Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos (IMSV0209)**, a xornada completa.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no RD 725/2011, do 20 de maio, que regula o certificado de profesionalidade desta especialidade.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

Considerarase ésta como requisito mínimo de acceso se non se posúe o correspondente certificado de profesionalidade ou o resto de requisitos necesarios para impartir a docencia segundo a normativa, valorándose a maiores só o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos.
 - Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
 - Pos grado universitario, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
 - Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
 - Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Valoraránse unicamente como máster universitario ou posgrado os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrado.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO II

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DO PROGRAMA DE EMPREGO “APPVENTURERS”

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A
EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE
GARANTÍA XUVENIL

ENTREVISTA

No caso de que a Comisión de selección considere que debe ter lugar a celebración dunha entrevista valorarase o interese da persoa preseleccionada en participar no proxecto e as súas actitudes, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo. **Puntuarase ata un máximo de 10 puntos.**

Valorarase a actitude, eficacia, experiencia profesional e cantas outras circunstancias precisense para a mellor adaptación aos requisitos esixidos polo programa e ás correspondentes especialidades.

ITEM A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA
ACTITUDE/MOTIVACIÓN	3
ACTITUDE/ADECUACIÓN AO POSTO	3
EMPREGABILIDADE	4

BAREMO

CRITERIOS		PUNTOS
Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		4
Discapacidade $\geq 33\%$		1
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 21 ata 22 anos	1



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

	De 23 ata 24 anos	2
	De 25 en adelante	3
Experiencia laboral	Ningunha (0 a menos de 1 mes)	3
	< 12 meses (1 a 11 meses)	2
	≥ 12 meses	1
Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5